FPdGi Fundació Fundación Princesa de Girona

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE DOCENTES

2016-2017





COMO EDUCAR O TALENTO EMPRENDEDOR

Xestiona: Fundación TRILEMA

Co apoio de: XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INTRODUCIÓN

Que é o talento emprendedor? Falamos dun concepto multidimensional, que inclúe valores persoais, como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza nun mesmo, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia ou as actitudes de cooperación e de traballo en equipo.

No noso traballo cos profesionais da educación formal fixemos fincapé en non confundir o **talento emprendedor** co **talento empresarial**. Non todos os nosos alumnos crearán no futuro unha empresa, mentres que absolutamente todos terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e buscar novas respostas no mundo globalizado e cambiante ao que se van enfrontar. E para que sexan capaces de dar unha resposta positiva, terán que posuír un talento emprendedor. Isto supón manexar recursos, comunicar, liderar e utilizar as habilidades financeiras e de xestión nos microcontextos nos que se desenvolven desde idades moi temperás.

Pódese aprender a emprender? Como noutras cuestións, apélase ás veces ao carácter innato do emprendedor. Mais é evidente que hai múltiples aspectos relacionados coas calidades persoais e coas habilidades interpersoais nas que a aprendizaxe xoga un papel chave. Neste sentido, é posible iniciar, desenvolver e potenciar habilidades, actitudes e valores que fomentarán o perfil emprendedor no alumnado. Mais, para iso, sabemos que é fundamental comezar desde idades moi temperás e realizar un traballo sistemático e continuado.

Neste programa de formación ofrecemos ao profesorado as chaves para o adestramento da competencia emprendedora na aula, acompañando o deseño e a implantación dos proxectos nos propios centros educativos.

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre modelos competenciais de ensino como vehículo eficaz para a introdución do emprendemento nos centros educativos.
- Profundar na competencia de aprender a emprender e na súa aplicación na aula.
- Vincular a introdución do emprendemento á programación didáctica por competencias.
- Crear unha rede de profesores que lideren o programa de emprendemento nos seus centros.
- Sistematizar e secuenciar a transmisión de formación nos centros (formación en cadoiro).
- Provocar espazos e ámbitos para a reflexión pedagóxica sobre a introdución de modelos competenciais na aula.
- Deseñar experiencias incluíndo na programación da aula estratexias metodolóxicas que permitan enriquecer a acción educativa e encamiñadas ao desenvolvemento competencial do alumno.
- Reflexionar sobre o impacto que o cambio da cultura de avaliación produce na aprendizaxe dos alumnos.
- Coñecer e aplicar regularmente ferramentas de avaliación da aprendizaxe.
- Sistematizar a reflexión sobre a práctica docente.
- Utilizar o portfolio virtual docente como ferramenta de reflexión e desenvolvemento.
- Deseñar e organizar xornadas de boas prácticas de programas de emprendemento, nos centros e intercentros.

DESTINATARIOS

Profesores de centros de educación obrigatoria e formación profesional, e líderes de proxectos. A oferta está dirixida tanto a centros públicos como a concertados e privados. A intención é que os profesores participantes poidan transmitir e liderar proxectos de emprendemento nos seus centros educativos.

- O programa está dirixido principalmente a profesores nos centros que poidan liderar a outros compañeiros interesados en estimular a competencia emprendedora, que denominaremos Grupos Emprende. Estes grupos liderarán os programas de emprendemento nos seus centros e realizarán formación en cadoiro, é dicir, ao resto dos seus compañeiros. Pretendemos consolidar un grupo «experto» en aprender a emprender que camiñe cara á autoformación e se consolide como un grupo activo de reflexión pedagóxica en áreas de emprendemento na escola.

DESENVOLVEMENTO

- Propóñense tres xornadas presenciais de formación para iniciar a metodoloxía de proxectos de emprendemento, e como avaliala na clase. Durante as xornadas acompañarase aos docentes no deseño do proxecto.

- Elaboración e implantación dun proxecto de emprendemento no centro educativo, co apoio, asesoramento e visita por parte do equipo formador.

- Xornada de boas prácticas no terceiro trimestre, na que se presentarán os proxectos implantados e se reflexionará sobre a repercusión na aprendizaxe dos alumnos.

CONTIDOS

SER EMPRENDEDOR:
O emprendedor nace ou faise?

Reflexionar sobre cales son as características do talento emprendedor, que o caracteriza e como podemos adestralo na escola para asentar as bases dun proxecto vital emprendedor, nos nosos alumnos.

- O emprendedor nace ou faise?
- Todos os emprendedores son empresarios?
- Os trazos da competencia emprendedora: autonomía persoal, liderado, innovación e habilidades empresariais.
- Adestrar a competencia emprendedora de forma sistemática.
- Os desempeños, chave para mellorar o talento emprendedor nos nosos alumnos.

CREATIVIDADE:
A capacidade de xerar ideas valiosas

A capacidade creativa axuda aos alumnos a desenvolver a súa habilidade para pensar en ideas orixinais que aporten valor e que poidan pórse en práctica. É un ingrediente fundamental da competencia emprendedora e podemos axudarlles a que melloren na súa capacidade creativa e a que obteñan o seu maior potencial.

- Que é a creatividade?
- Factores que condicionan o desenvolvemento da creatividade.
- Que procesos interveñen cando enfrontamos o reto de xerar novas alternativas?
- Os pasos do proceso creativo.
- Ferramentas de xeración de ideas e técnicas de creatividade.

PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO NA ESCOLA

Adestrar o talento emprendedor na escola supón desenvolver e executar proxectos sistemáticos e multidisciplinares, que se desenvolven ao longo do proceso de escolarización, cunha claridade nas metas a conseguir.

- Adestrar o emprendemento nun modelo de programación por competencias.
- Aprendizaxe por proxectos: unha oportunidade para sermos sistemáticos e achegar rigor.
- A vinculación dos proxectos de emprendemento aos contidos curriculares.
- Proxectos que dan resposta a necesidades do contorno e perseguen a mellora social.
- Un modelo de deseño de proxectos: tópico xenerativo, fíos condutores e deseño de tarefas co ciclo de Kolb.

AVALIAR O TALENTO EMPRENDEDOR NOS ALUMNOS

Cando se poñen en práctica iniciativas nas escolas para traballar o emprendemento nos alumnos, en moitas ocasións non sabemos se acadaron os obxectivos. Como avaliarmos as iniciativas emprendedoras nas escolas? Como sabermos se resultaron eficaces?

- Avaliar sistematicamente os proxectos de emprendemento na escola.
- Importancia da avaliación diagnóstica. Saber de onde partimos.
- Avaliar os desempeños da competencia emprendedora.
- Uso de ferramentas de avaliación diversas: albos, rúbricas, rexistros, etc.
- Manexar ferramentas de autoavaliación e coavaliación.
- A avaliación como impulsora da mellora no profesorado e no alumnado.

O PROFESOR EMPRENDEDOR

Cando se inician proxectos de emprendemento nas escolas, adestramos explicitamente a competencia emprendedora nos alumnos. Mais os proxectos tamén deben ser unha oportunidade de reflexión para o docente acerca do seu propio desenvolvemento como profesor emprendedor.

- Perfil competencial do docente emprendedor.
- O portfolio como ferramenta de reflexión docente.
- Portfolio virtual do docente emprendedor.

CALENDARIO DAS SESIÓNS

XORNADAS DE FORMACIÓN

Santiago de Compostela - Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n - 21 e 22 de novembro e 1 de decembro das 9.30 h ás 14.30 h e das 15.30 h ás 18.30 h.

ASESORAMENTO ON-LINE

Primeiro e segundo trimestres.

VISITAS AOS CENTROS

Segundo trimestre (acordaranse a data e o horario con cada centro participante).

XORNADA AUTONÓMICA

Santiago de Compostela - Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n - 25 de maio en horario de mañá.

EQUIPO RESPONSABLE DA FORMACIÓN

- Carmen Pellicer Iborra
- María Batet Rovirosa
- Inmaculada Castaño Ponce
- Bárbara Jurado

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta e realizarase a través deste FORMULARIO.

Consultas no correo:
competenciaemprendedora@fpdgi.org

APOIO E RECOÑECEMENTO

O curso «Como educar o talento emprendedor» conta co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Para os efectos de recoñecemento de formación permanente do profesorado, o curso «Aprender a emprender. Como educar o talento emprendedor I» contará coa certificación propia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA